

## Nova Escola Galega en contra

### da Avaliación de 3º de Educación Primaria

En datas próximas vaise realizar a primeira das catro probas que a nova Lei Orgánica de Educación (LOMCE) ten previsto que se pasen ao longo da escolarización ata finalizar o Bacharelato. Esta primeira proba terá lugar en 3º curso de primaria, co alumnado de 8 ou 9 anos. Moitas familias en Galicia e no resto de España están cuestionándose a necesidade de facer tal proba e a posibilidade de boicoteala. Nova Escola Galega anima a este boicot polas seguintes razóns:

- **É unha proba innecesaria** para tomar as medidas de atención á diversidade, en contra do que anuncian os Governos das Comunidades que a queren realizar. Diagnosticar ao alumnado nestas idades, e anteriores, xa o fai o profesorado na avaliación continua que a lei establece. As medidas de atención á diversidade xa se teñen que ter establecido dende os cursos anteriores e non é este instrumento un medio eficaz para establecelas; en ningún sistema educativo se toman as medidas de atención á diversidade a partir dos resultados dunha proba externa estandarizada.
- **Producirá un efecto de sinalización do alumnado** que acade malos resultados, pola formalidade e publicidade que implican estas probas. Aínda que neste caso, en 3º de primaria, non teña efectos académicos de promoción, será un elemento de cualificación comparada do alumnado, que marcará a súa autoestima.
- **Supón unha desconfianza no profesorado**, responsable lóxico e indicado da aprendizaxe do alumnado. É moito máis preciso e rico o diagnóstico que fai un profesional que coñece ao alumno, as súas circunstancias e a súa evolución, que unha proba puntual e igual para todos.
- **Significa tamén unha redución da autonomía dos centros** (que esta mesma lei cinicamente reclama), pois externaliza a confección da proba e descontextualízaa.
- **Supón un control do currículo**, dado que toda proba mediatiza o desenvolvemento curricular por parte do profesorado, que se verá forzado a lles dar prioridade aos aspectos a avaliar e a lles restar importancia aos que non se avalían.
- **Xerarquizará as competencias e as materias** que son obxecto de avaliación, en detrimento do resto das materias, en contradición coa idea da formación integral que debe presidir o ensino obrigatorio de toda a cidadanía.
- **Apuntala unha cultura da avaliación puntual e externa**, contradicindo a avaliación continua, que a propia lei marca como a que debe rexer nestas etapas educativas obrigatorias. Dará a impresión que son este tipo de controis os que lle dan fiabilidade ao traballo educativo nos centros e á aprendizaxe do alumnado.

- **Xa existe unha avaliación diagnóstica no curso seguinte, en 4º**, que a LOMCE non derogou, e que é unha avaliación do centro e non do alumnado (pois é anónima), pensada precisamente para ter repercusións sobre o traballo a desenvolver no centro e non no alumnado individualmente.

Se a proba de 3º de Primaria non é un bo instrumento para o diagnóstico de dificultades nin para calibrar o traballo dos centros, como proclaman as autoridades educativas, **que finalidade non confesada pode ter?** Seguramente, facer das reválidas algo "normal" dentro do sistema educativo -facilitando así a aceptación de reválidas vinculantes para a titulación, como serán as de 4º ESO e 2º BAC-, ou empezar a segregación do alumnado ou clasificar os centros dentro dun sistema no que a educación sexa máis unha mercadoría ca un servizo.

O que dende Nova Escola Galega queremos destacar é que nas etapas obrigatorias non pode concibirse a avaliación máis que como un instrumento para apoiar e informar do proceso de aprendizaxe, non como un elemento que seleccione, divida e exclúa. A avaliación é útil se nos serve para que o alumnado vexa erros e acertos na súa aprendizaxe, para que el e as súas familias teñan unha idea clara dos seus progresos, para que se poida reconducir a forma de estudar e de ensinar. En definitiva, é útil se nos serve para a finalidade primordial de formar cidadáns e cidadás, pero non o é se queremos utilizala para clasificalos. A avaliación que mellor o logra é a avaliación continua e non estas probas puntuais e descontextualizadas.

O noso sistema educativo é o suficientemente esixente como para que os controis que marca xa agora teñan a capacidade para separar do éxito escolar a un ou unha de cada catro alumnos ou alumnas, e disuadilos de continuar estudando. Non é con estas medidas por onde podemos mellorar.

Desde estas reflexións, sumámonos a aqueles e a aquelas que se opoñen criticamente a esta proba.

Maio 2015